




## PRESENTACIÓN DO LIBRO ...DE CANDO AS PEDRAS FALABAN

de **MANUEL FERREIRO**

**VENRES, 12 DE XANEIRO DE 2018, 20:30 HORAS**

**CASA DA CULTURA de Vilalba**



O Instituto de Estudios Chairegos organiza a presentación do libro “...de cando as pedras falaban” de Manuel Ferreiro, o venres, día 12 de xaneiro de 2018, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba. No acto, intervirán o propio autor do libro, Manuel Rubiños Ferreiro, así como Ángel Campos e a presidenta do Iescha, Marisa Barreiro.

*“Cando as pedras falaban e as estrelas guiaban aos camiñantes, os camiños, as corredoiras e os carreiros eran algo máis ca o chan que pisaban. Eran tempos de tiranía, e a mellor ferramenta para fender as cadeas non eran nin as marras nin as espadas, era algo máis sinxelo, algo que non se vendía nin se mercaba. E este milagre, prezado pola humana xente, chamábase liberdade.*

(...)

*Aínda que as pedras non son doadas de fender, o martelo e o lume abrasador dobréganas. Mais a fe daqueles mortais moradores da Galicia medieval e celta estaba gravada con lume na súa alma. O espírito indomable dos druídas e a crenza dun Santiago peregrino eran como son a lúa e as estrelas para a noite, ou o sol e a lúa para o día. Foi este Santiago que polos séculos durmía o soño eterno, nunha terra chea de maxia e feitizo, baixo a mirada de milleiros de estrelas que, sementadas no*

*ceo, pintan a pata da gansa dos druídas levando ao remate dun camiño na terra e no firmamento, quen Deus reservou para que o noso protagonista e moitos máis, que na gloria descansan, se guiasen por camiños, corredoiras e carreiros para no seu remate acadar unha cidade eterna, xa preto dun sol canso que morre no mar do remate do mundo que naqueles tempos se coñecía.”*

Deste xeito se expresa o autor Manuel Rubiños Ferreiro na introdución do libro “...de cando as pedras falaban”, que fai o número 26 da Colección Biblioteca Chairega, que foi editado polo Iescha e incluído no convenio de colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo para o ano 2017.